

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 12 de xullo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catro minutos do día doce de xullo do dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.155).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 2430/04.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da traballadora social responsable do Programa, do 29.06.2010, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Marina Alonso González. Expte. 2430/04.

2(1.156).- PROXECTO EMPRESARIAL DE AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORIA S.L. PARA A CUALIFICACIÓN COMO PROXECTO EMPRESARIAL DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM). EXPTE. 7239/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico local de Emprego, do 30.06.2010, co conforme do xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e do concelleiro de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Cualificar como Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado por Benilde Villar González para a comercialización de formación on-line a través dunha Plataforma interactiva propia trilingüe (galego, castelán e portugués), tanto para particulares como para empresas, no que método de ensino principal será o Blended-learning que aposta pola mestura entre a formación presencial e a distancia (neste caso a través dunha plataforma virtual), á vista da ficha de valoración emitida polos técnicos.

2º.- Comunicar mediante remisión de copia do acordo acadado pola de Comisión de Goberno, ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia de Urbanismo.

3(1.157).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL CENTRO DE TECNOLOGIAS AVANZADAS DE INVESTIGACIÓN PARA LA INDUSTRIA MARINA Y ALIMENTARIA PARA A CUALIFICACIÓN COMO PROXECTO EMPRESARIAL DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM). EXPTE. 7238/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico local de Emprego, do 30.06.2010, co conforme do xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e do concelleiro de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Cualificar como Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado pola “Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPESCA)”, para a creación dun “Centro de Tecnologías Avanzadas de Investigación para la Industria Marina y Alimentaria” que dea resposta ás crecentes demandas da industria en materia de I+D+i, á vista da ficha de valoración emitida polos técnicos.

2º.- Comunicar mediante remisión de copia do acordo acadado pola de Comisión de Goberno, ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia de Urbanismo.

4(1.158).- SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE CENTROS PARA A MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA (REDE CEMIT). EXPTE. 7242/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 7.07.2010, co conforme do concelleiro de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a presentación da solicitude de adhesión a Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica, (Rede CeMIT).

2º.- Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego a tramitación do protocolo de adhesión e a elaboración das bases de selección do axente TIC, conforme ao perfil do Anexo II do protocolo.

3º.-Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do Concello de Vigo diante da Secretaría Xeral de Modernización e innovación Tecnolóxica, na tramitación do protocolo de adhesión a rede CeMIT.

5(1.159).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VIGO E AUTORIZACIÓN DOS PAGAMENTOS. EXPTE. 3568/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 8.07.2010 co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral da mesma data, e da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 6.07.2010 co conforme do concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente á mercantil PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción de actuacións e espectáculos para as festas de verán 2010 (expediente 3568-335) por un prezo total de 206.100,00 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

Comprométese á execución da mellora de limpeza das instalacións, que inclúe a limpeza das gradas.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 28 de maio de 2010 e a oferta presentada.

2º.- Autorizar que os pagamentos do contrato de servizos para a produción dos espectáculos das Festas de Verán 2010 do Auditorio de Castrelos (3568/335) se realicen a xustificar a través da conta habilitada Animación Sociocultural (2080.0000.77.0040277241), de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas deste contrato e no informe da técnica do Servizo de Animación Sociocultural de data 29/04/2010.”

6(1.160).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO DOS XARDÍNS DE PEREIRÓ. EXPTE. 5139/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 1.07.2010 co fiscalizado e conforme do interventor Xeral do 5.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “PROTECCION E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTORICO E PAISAXISTICO DOS XARDINS DE

PEREIRO”(Expediente 5139-446) por un prezo total de 274.730,43 euros, IVE incluído, (a cota correspondente ó IVE é de 37.893,85 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 5 persoas, aportan a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego das que 1 persoa é desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas nun importe total de 13.422,25 € euros:
 1. Bancos (4 ud)
 2. Alcorque de granito (19 ud).
 3. Reixas alcorque(19 ud).
 4. Rehabilitación de bancos existentes.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23 de abril de 2010 e a oferta presentada.

7(1.161).- ALLEAMENTO DE CHATARRA DO PARQUE CENTRAL. EXPTE. 3223/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 30.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a Samper-Refeinsa Galicia, S.L., a chatarra depositada no Parque Central de Servizos (expediente 3223-241) de acordo cos seguintes prezos: 120 euros para o vehículo 0703 BST, 0,175 €/kg da chatarra de ferro, 1,5 €/kg cable de cobre e 0,5 €/kg cable de aluminio.

8(1.162).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta da técnica de Admón. Xeral de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a ORECO S.A. a fianza de 841,23 € constituída para responder das obras do proxecto modificado do parque público A Seara xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3238/241.

B) Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza de 1.646,41 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Magallanes xa que foron recibidas mediante acta de 19.03.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1531/443

C) Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza de 4.270,20 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Gil xa que foron recibidas mediante acta de 19.03.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1526/443

D) Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza de 20.089,68 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Manuel Núñez xa que foron recibidas mediante acta de 19.03.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1528/443

E) Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza de 4.473,15 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Manuel Núñez xa que foron recibidas mediante acta de 19.03.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1530/443

F) Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza de 491,51 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Gil xa que foron recibidas mediante acta de 19.03.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1529/443

G) Devolver á UTE MOVEXVIAL-HIDROS a fianza de 7.215,86 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Colón (entre P.Sanz e Uruguay) xa que foron recibidas mediante acta de 3.02.2006 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1527/443

H) Devolver a REY SOLLA, S.L. a fianza de 2.561,40 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na Baixada ó Capitán xa que foron recibidas mediante acta de 5.11.2008 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3251/443

I) Devolver a IMESAPI S.A. a fianza de 8.000 € constituída para responder da supresión de barreiras arquitectónicas xa que as obras foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 1525/443

L) Devolver a NEUMÁTICOS BERBÉS S.L. a fianza de 2.000 € constituída para responder das obras de subministración de rodas para o Parque Central xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3273/241.

9(1.163).- SOLICITUDE DE PARALIZACIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 3285/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 24.06.2010, co conforme do concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a solicitude de paralización inmediata de las obras de execución del Auditorio–Pazo de Congresos de Vigo interesada polo Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra por inexistencia de causa legal que xustifique a mesma, segundo se xustifica na parte expositiva do presente acordo.

10(1.164).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2010 (1ª FASE). EXPTE. 7215/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 5.07.2010, co conforme do concelleiro delegado de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aceptar as subvencións concedidas nas resolucións da xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 23 de xuño de 2010 en base á Orde do 19 de febreiro de 2010 (DOG 1 de marzo de 2010) da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2010, cos expedientes TR351A 2010/392-5, TR351A 2010/395-5, TR351A 2010/397-5, TR351A 2010/399-5, TR351A 2010/402-5, TR351A 2010/404-5 e TR351A 2010/407-5, na que unha vez validadas as solicitudes presentadas, resolve conceder estas subvencións que suman un importe total de 625.654,38€, para a posta en marcha dos Programas de Cooperación 1ª fase para o exercicio do ano 2010.

2.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego a xestión dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2010 conforme ao establecido na Orde de 19 de febreiro de 2010 pola que se regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG 1 de marzo de 2010), pola que se subvenciona a contratación, ás entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social e proceda ao axuste do contido do proxecto ao presuposto aprobado, reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime conveniente.

3.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación e xestión da subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

11(1.165).- SOLICITUDE DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILAS ATLÁNTICAS. EXPTE. 7066/306.

Incluíuse por erro na orde do día.

12(1.166).- AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO MODIFICADO DO DE EXECUCIÓN E REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS DEPENDENCIAS DO MERCADO DA RÚA PROGRESO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5150/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor en materia de Mercados, do 9.06.2010, co conforme do concelleiro delegado de Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a redacción dun proxecto modificado que recolla a totalidade das variacións de medición en partidas existentes e o conxunto de novas partidas que permitan a completa realización dos traballos conforme as modificacións expostas.

13(1.167).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E AUTORIZADOS POLA CONCELLEIRA-DELEGADA DE XUVENTUDE, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, NO MES DE XUÑO. EXPTE. 1112/334.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da técnica do servizo de Normalización Lingüística, do 6.07.2010, coa providencia da concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, dáse conta á Xunta de Goberno Local do seguinte:

Expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, no mes de xuño de 2010.”

Expediente	1076/334. Dar de alta a partida 1692.226.99.00 e contrato para subministro de banda de baliza
Decreto concelleira	data 1 de xuño de 2010
Informe Intervención	RC 39310
Adxudicatario	Alma mater, S.L.
Importe	706,60 euros

Expediente	1077/334. Subministro de soportes publicitarios
Decreto concelleira	data 1 de xuño de 2010
Informe Intervención	RC 37694
Adxudicatario	Alma mater, S.L.
Importe	6.775,00 euros

Expediente	1078/334. Seminarios sobre curtametraxes
Decreto concelleira	data 1 de xuño de 2010
Informe Intervención	RC 39098
Adxudicatario	Mr. Misto Films, S.L.
Importe	2.700,00 euros

Expediente	1089/334. Actividades animación encamiñadas ao fomento do emprego da lingua galega en seis áreas do Concello de Vigo
Decreto concelleira	data 11 de xuño de 2010

Informe Intervención	RC 41205
Adxudicatario	Viravolta, S.C.
Importe	6.018,00 euros

Expediente	1101/334. Programa "Camiño da lingua"
Decreto concelleira	data 18 de xuño de 2010
Informe Intervención	RC 42465
Adxudicatario	Mekané didáctica, S.L.
Importe	9.649,80 euros

Expediente	1104/334. Curso de nanas
Decreto concelleira	data 21 de xuño de 2010
Informe Intervención	RC 43721
Adxudicatario	Asociación do conservatorio de música tradicional e folque
Importe	1.000,00 euros

Expediente	1106/334. Merca libros
Decreto concelleira	data 23 de xuño de 2010
Informe Intervención	RC 44988
Adxudicatario	Editorial Galaxia, S.A.
Importe	1.200,00 euros

A Xunta de Goberno Local queda enterada dos contratos precedentes.

14(1.168).- SOLICITUDE DE CANCELACIÓN DA CONDICIÓ RESOLUTORIA EXPRESA IMPOSTA Ó GRUPO DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PICACHO. EXPTE. 18630/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admon. Xeral, do 25.05.2009, co conforme do xefe da unidade de Patrimonio e do concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a caducidade da cláusula de reversión imposta sobre as vivendas que forman parte dos bloques A, B e C do denominado o grupo de vivendas protexidas del Picacho, situado na rúa Torrecedeira de Vigo.

2º.- Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo ó obxecto de que proceda a cancelación da devandita cláusula de reversión.

15(1.169).- MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DAS OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 375/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de

Servizos Xerais, do 7.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” das obras ordinarias de urbanización da Rúa Escultor Gregorio Fernández, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 6 de xullo.

16(1.170).- SOLICUTDE DE PRÓRROGA NA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES-MATAMÁ. EXPTE. 376/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 6.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de “Construción de Beirarrúas na Rúa Manuel Cominges-Matamá”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 31 de outubro de 2010, non significando incremento ningún sobre o importe de adxudicación da obra.

17(1.171).- SOLICUTDE DE PRÓRROGA NO PROXECTO DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA Á PRAIA-SAIANS. EXPTE. 377/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 6.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de “Beirarrúas na Baixada á Praia-Saians”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 13 de agosto de 2010, non significando incremento ningún sobre o importe de adxudicación da obra.

18(1.172).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CAÑIZA-COMESAÑA. EXPTE. 378/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 6.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de “Construción de Beirarrúas na Rúa Cañiza-Comesaña”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 15 de xullo de 2010, non significando incremento ningún sobre o importe de adxudicación da obra.

19(1.173).- PROPOSTA DE CONTRATO DE ENCARGA DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS. EXPTE. 373/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área e do Asesor Xurídico, do 30.06.2010, co conforme do xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a proposta de contrato de encarga do tratamento de datos persoais con subcontratación titularidade do Concello presentada por Aqualia con data 7 de xuño pasado,

precisos para o desenvolvemento das funcións inherentes a súa condición de concesionaria do servizo municipal de auga e saneamento.

2º.- Autorizar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

20(1.174).- APROBACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE ACTUACIÓN NA RÚA SAM CRISTOBO, PARROQUIA DE CANDEAN. CUSTO CERO. EXPTE. 379/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 8.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “**coste cero**” do proxecto de Actuación na Rúa San Cristobo-Candeán, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 7 de xullo.

21(1.175).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE JOSÉ RODRÍGUEZ GARCÍA. EXPTE. 62022/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 2.07.2010, co conforme da concelleira de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 3.000,00 € (tres mil euros), a favor de José Rodríguez García

22(1.176).- PRÓRROGAS DE REVISIÓN DE IPC DOS CONTRATOS DE XUVENTUDE: PUNTO XOVE, SERVIZOS DE INFORMACIÓN E LUDOTECAS. EXPTE. 2771/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 6.07.2010 co conforme da concelleira de dita área, que di o seguinte:

“Rectificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10 de maio de 2010.

O día 10 de maio de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga e revisión de IPC dos contratos de Xuventude 'Servizo de Ludotecas', 'Servizo de Información Xuvenil' e 'Punto Xove', expte 2771/336.

No devandito acordo había erros nos importes polo cálculo dos IPC xa que onde figuraba, -0'20% tería que figurar +0'90%. Corríxese o erro e calcúlanse as novas cantidades dos contratos a aprobar en base ao novo IPC.

Por todo elo propónse á Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.-Aprobar a revisión do prezo do contrato do Servizo de Ludotecas do que é adxudicataria Fundación de Estudos e Análises, dende o 15 de maio do 2008 a 15 maio do 2009, sendo o importe do contrato 160.740 €/ano.

2º.- Aprobar o importe do contrato revisado que ascende a **162.186,66 € (IPC 0,9%)** , sendo o período de revisión dende período de revisión: marzo 2008 (último día de presentación de ofertas)/ abril 2009, e o período de facturación 15/05/2009 a 14/05/2010 (**0,9%**)

3º- Prorrogar o contrato do Servizo de Ludotecas do que é adxudicataria a Fundación de Estudos e Análises polo período 15/05/2008 a 14/05/2010, por un ano máis, sendo o período de prórroga do 15/05/2010 a 14/05/2011, por importe de 162.186,66 €, quedando pendente a 2ª revisión de prezos dende abril 2009 a abril 2010

4º.-Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de información xuvenil do que é adxudicatario Xoma Iniciativas Sociais, S.L., dende o 15 de maio 2008, sendo o importe do contrato 158.400 €/ano €.

5º.- Aprobar o importe do contrato revisado que ascende a (0,9%): 159.825,6 €/ano, sendo o período de revisión: marzo 2008 (último día de presentación de ofertas)/ abril 2009, e o período de facturación 15/05/2009 a 14/05/2010 (0,9%).

6º.-Prorrogar o contrato do servizo de información xuvenil, do que é adxudicatario Xoma Iniciativas Sociais, S.L, polo período 15/05/2008 a 14/05/2010, por un ano máis,sendo o período de prórroga do 15/05/2010 a 14/05/2011, por importe de 159.825,6 €/ano, quedando pendente a 2ª revisión de prezos dende abril 2009 a abril 2010.

7º.- Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo do Punto Xove e Oficina Móbil de Información Xuvenil (Infobus) do que é adxudicataria Concepción Cuña Pérez dende 15 de maio de 2008, sendo o importe do contrato 70.900 €/ano.

8º.- Aprobar o importe do contrato revisado, que ascende a (0,9%): 71.538,1 €/ano, ,sendo o período de revisión marzo 2008 (último día de presentación de ofertas)/ abril 2009, e o período de facturación 15/05/2009 a 14/05/2010 (0,9%).

9º.- Prorrogar o contrato do Punto Xove e Oficina Móbil de Información Xuvenil (Infobus) do que é adxudicataria Concepción Cuña Pérez polo período 15/05/2008 a 14/05/2010, por un ano máis,sendo o período de prórroga do 15/05/2010 a 14/05/2011, por importe de 71.538,1€/ano, quedando pendente a 2ª revisión de prezos dende abril 2009 a abril 2010.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

23(1.177).- APROBACIÓN DOS GASTOS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA DOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1976/321.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 2.07.2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 7.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os gastos que deseguido se relacionan para a contratación do servizo de vixilancia dos centros cívicos municipais, con cargo á partida 9240.227.01.00 do presuposto correspondentes:

- Ano 2010: 21.250,00 euros
- Ano 2011: 85.000,00 euros.
- Ano 2012: 85.000,00 euros.
- Ano 2013: 85.000,00 euros.
- Ano 2014: 63.750,00 euros.

2º.- Aprobar o expediente de contratación para a contratación do servizo de vixilancia dos centros cívicos municipais que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 30/01/2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 28/05/2010.

3º.- A tramitación urxente do expediente de contratación basease na necesidade de manter a vixilancia nos centros cívicos dependentes da área de Participación Cidadá, xa que o contrato actual remata a súa vixencia o vindeiro 30 de xuño de 2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

24(1.178).- PROXECTO “O FOMENTO DO USO DO TEMPO COMO MEDIO DE CONCILIACIÓN NA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 7227/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e polo xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 6.07.2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “ O fomento do uso do tempo como medio de conciliación na cidade de Vigo”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego e o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo e o Servizo de Igualdade.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula a orde do 21 de maio de

2010 pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de bancos municipais de tempo, plans de plans de programación do tempo na cidade. e outras medidas municipais de conciliación

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto nas correspondentes partidas para o co-financiamento deste proxecto.

4º.- Encomendar aos Servizo de Promoción Económica e Emprego e ao Servizo de Igualdade a realización dos trámites necesarios para a súa solicitude e a validación das medidas á subvencionar en dita solicitude.

5º.-Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e na Concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención e da validación de ditas medidas diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

25(1.179).- AUTORIZAR Á ASOCIACIÓN SOCIEDADE DE FESTAS VIRXE DO CARME A OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO CO GALLO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS VIRXE DO CARME OS DÍAS 15, 16 E 17 DE XULLO. EXPTE. 78520/210.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado pola enxeñeira técnica, do 8.07.2010, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á asociación SOCIEDADE DE FESTAS VIRXE DO CARME á ocupación do espazo público solicitado diante da Ermida do Vao sen ocupar en ningún caso a vía pública e desestimar a solicitude para ocupar un espazo de 1.200 metros cadrados doutro lado da vía , co gallo da celebración das FESTAS DA VIRXE DO CARME , os días 15,16 e 17 de xullo do ano que andamos no torreiro do Vao, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, carruseis, tiro ao branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

▣Horario máximo autorizado:3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

▣Límite transmisión ruídos: Non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza municipal de ruídos e vibracións, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.

▣Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores

Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poida xera a festa, quedando as zonas utilizadas nas mesmas condicións que antes do seu uso

Deberán usar o logotipo das Concellerías de Limpeza e Parques e Xardíns en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia ao evento.

Deberán de aportar un aval de 1000 € para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar

Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

26(1.180).- MODIFICADO Nº 1 DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESOS NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1559/443.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado polo xefe da área de Servizos Xerais, do 12.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra MODIFICADO Nº 1 DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESOS NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO.

2º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. Álvaro Crespo Casal e Dª Beatriz Alonso Asenjo.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ORECO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo prevé a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrentes na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real decreto 1627/1997).

27(1.181).- CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A SELECCIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A CONTRATACIÓN DA ESPECIALIDADE DE VIXIANCIA DA SAUDE DOS EMPREGOS/AS PÚBLICOS MUNICIPAIS. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 19867/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta dos técnicos do servizo de Prevención de Riscos Laborais, do 17.06.2010, co conforme da xefa do servizo de RR HH e o conforme do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do titular da Asesoría Xurídica do 11.06.2010 e do 8.07.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 24.06.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 600000 euros debullado da seguinte forma: ano 2010 - 50.000€, ano 2011 - 150.000€, ano 2012 - 150.000€, ano 2013 - 150.000€ e ano 2014 - 100.000€, para a contratación de Servizo Prevención Alleo para a realización da vixilancia da saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo, que se imputarán á partida 221.0.160.08.00, dos orzamentos dos anos 2010 ó 2014.

2º Aprobar o expediente de contratación dun Servizo de Prevención Alleo para a cobertura da especialidade de Vixilancia da Saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e informe adicional de 20 de maio de 2010, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 26 de maio de 2010.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

28(1.182).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO XEGALIA GALEGA DE XESTIÓN S.L. EXPTE. 2823/336.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 14.06.2010 co conforme da concelleira de dita área, e co informe do Interventor Xeral do 7.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación á indemnización substitutiva a favor de Xegalia S.L C.I.F: B 36924587 na contía de 27.342,55 euros, correspondentes ás facturas nº A/57/10 de data 24/01/10, correspondente ao mes de xaneiro, por importe de 5.468,51 €, nº A/115/10, de data 24/02/2010, por importe de 5.468,51 €, nº A/196/10, de data 24/03/2010, por importe de 5.468,51 €, nº A/253/10 de data 24/04/10 por importe de 5.468,51 € e a nº A/316/10 de data 24/05/2010, por importe de 5.468,51 €.

2º.- Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe total de 27.342,55 euros, correspondentes ás facturas: nº A/57/10 de data 24/01/10, correspondente ao mes de xaneiro, por importe de 5.468,51 €, nº A/115/10, de data 24/02/2010, por importe de 5.468,51 €, nº A/196/10, de data 24/03/2010, por importe de 5.468,51 €, nº A/253/10 de data 24/04/10 por importe de 5.468,51 € e a nº A/316/10 de data 24/05/2010, por importe de 5.468,51 €.

3º.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, a favor de Xegalia S.L en concepto da indemnización da cantidade de 27.342,55 euros.

4º.- Recoñecer a obriga derivadas das actuacións a favor de Xegalia S.L C.I.F B 36.924587, pola prestación do servizo de Dinamización Xuvenil do Monte do Castro durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2010, facturas nº A/115/10 de data 24/01/10, correspondente ao mes de xaneiro, por importe de 5.468,51 €, nº A/115/10, de data 24/02/2010, por importe de 5.468,51 €, nº A/196/10, de data 24/03/2010, por importe de 5.468,51 €, nº A/253/10 de data 24/04/10 por importe de 5.468,51 € e a nº A/316/10 de data 24/05/2010, por importe de 5.468,51 € con cargo á partida 3370.227.99.06”.

29(1.183).- ADXUDICACIÓN DE 12 BOLSAS DE VERÁN DA CONCELLERÍA DE TURISMO E APROBACION DO GASTO. EXPTE. 3363/104.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da comisión de avaliación asinada pola xefa do servizo de Turismo e Comercio e pola secretaria de dita comisión con data 1.07.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos e co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral, do 9.07.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar as 12 bolsas de verán 2010 da Concellería de Turismo ás/aos aspirantes que foron admitidas/os e esta convocatoria e obtiveron a mellor puntuación no baremo realizado pola comisión de avaliación de méritos da que resulta a seguinte prelación:

	NOME E APELIDOS	DNI	1º	2º	VAL.	TOTAL
1	Mª JOSÉ GARCÍA OLIVEIRA	***8302**	0,8	1,6	9,5	11,9

2	ENMA DIAZ LÓPEZ	***6174**	0,9	1,9	8	10,8
3	NURIA PATIÑO VIEITES	***4540**	0,95	1,4	7,5	9,85
4	NATALIA BARREIRA FIDALGO	***5716**	0,9	2	6,65	9,55
5	PATRICIA GARCIA CONDE	***6876**	0,95	1,1	7,5	9,55
6	OLALLA QUIROGA BELLO	***2739**	0,85	1,5	7,15	9,5
7	CARLA PEÑA MERAYO	***8804**	0,95	1,6	6,5	9,05
8	MARTA GONZÁLEZ SELLÁN	***7350**	1	2	5,15	8,15
9	ANA BALADO FIGUEROA	***3359**	0,85	1,5	5,65	8
10	VANESA RAMOS RODRÍGUEZ	***3671**	0,85	1,8	4,5	7,15
11	RICHARD JOSEPH, GOMEZ	***8690**	0,65	1,2	4,75	6,6
12	ALEJANDRO GÓMEZ GARCÍA	***0357**	0,9	1,9	3,75	6,55

2º.- Declárase como lista de suplentes a seguinte prelación:

	NOME E APELIDOS	DNI	1º	2º	VAL	TOT.
13	ANA B. GONZÁLEZ MARTINEZ	***7068**	0,75	1,8	3,5	6,05
14	JOAQUIN D LORENZO OGANDO	***1384**	0,75	0,9	4	5,65
15	LAURA COSTAS LAVANDEIRA	***3138**	0,95	0,7	3,5	5,15
16	SARA DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ	***8614**	0,9	1,4	2,8	5,1
17	LUCIA VILAR ALVÁREZ	***8838**	0,75	1,8	1,85	4,4
18	JOSE LUIS CABRAL SUAREZ	***5970**	0,65	0,8	2,3	3,75
19	EDUARDO PÉREZ FIGUEROA	***7761**	0,9	1,4	1	3,3
20	UXÍA CHAPELA RODRÍGUEZ	***6276**	0,65	1,1	1,5	3,25
21	YAIZA GRAÑA GARCÍA	***4091**	0,75	1	1,5	3,25
22	INES BOYERO GONZALEZ	***8655**	0,8	1	1,4	3,2
23	YOLANDA GALLERO QUINTILLÁN	***4443**	0,75	1,3	0,5	2,55
24	VICTOR DIAZ VILLARES	***7554**	0,7	0,8	1	2,5
25	OLALLA TABOADA VAZQUEZ	***2225**	0,8	1,1	0,5	2,4
26	ICIAR RETOLAZA GARCÍA DE Z.	***9154*	0,75	0,8	0,5	2,05

Podéndose contratar nesa orde, no caso de que se producisen vacantes, mediante acordo expreso do órgano de contratación.

3º.- Non se presentan e polo tanto quedan excluídas do proceso selectivo:

JENNIFER ROMERO LOPEZ	***5318**	0,7	NP
NICOLE LEITES CORDEIRO	***1922**	N P	
ANDREA GARCÍA OLIVEIRA	***5271**	NP	

4.- Aprobar o gasto de 43,200 euros (900 euros brutos/mes x catro meses = 3600 euros cada bolsa x 12 bolsas), con cargo á partida 432.0.4810000 “Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro” do vixente presuposto.

5.- O prazo de vixencia da bolsa iníciase o día 16 de xullo e remata o 15 de novembro de 2010.

6.- O pagamento de haberes o realizará o habilitado pagador, seguindo o procedemento ordinario para este tipo de actuacións.”

30(1.184).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e nove minutos. Como secretaria dou fé.

rs

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Alvarez

Isaura Abelairas Rodríguez

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión do 12 de xullo de 2010. Comprende 9 follas numeradas do 927 ó 935 da Serie A nº 3420597 ó 3420605. Aprobouse na sesión do 18 de outubro de 2010 sen ningunha rectificación.

Vigo, 18 de outubro de 2010.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez

